


IES Virxe do Mar, novo centro E-Dixgal



O noso IES Virxe do Mar foi seleccionado para participar no proxecto de Educación Dixital [E-Dixgal](#).

O alumnado de 1º de ESO empregará diferentes materiais dixitais como referencia para o desenvolvemento curricular das seguintes materias:

- Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Inglesa, Lingua Francesa, Educación Física, EPVA, Obradoiro musical, Proxecto documental, Valores éticos, Relixión, Climántica e Xadrez.

O proxecto **Educación Dixital (E-Dixgal)** ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa.

O alumnado terá acceso a un espazo virtual de aprendizaxe cos contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Educación. O centro utilizará para o desenvolvemento curricular materiais de referencia dixitais. Se o centro conta con libros e outros materiais didácticos poderán empregarse como complemento ou apoio.

O **proxecto E-Dixgal** consiste, en poucas palabras, en proporcionar aos alumnos e alumnas un ordenador portátil (dispositivos convertibles de 12 pulgadas que funcionan como ordenador ou como tableta) que terán ao seu dispor as 24 horas do día para traballar con recursos dixitais gratuítos (libros dixitais, actividades interactivas etc) utilizando metodoloxías activas, máis apropiadas para formarse nas competencias e habilidades que se requiren para desenvolverse na sociedade actual.

Toda a comunidade educativa (docentes, alumnado e familias) contan co apoio e asesoramento técnico do servizo [Soporte Premium](#), que pode resolver dúbidas e incidencias durante as 24h todos os días da semana. Poden contactar a través das seguintes canles:

- Número de teléfono **881 86 99 00**
- Correo electrónico **soporte.premium@edu.xunta.gal**
- WhatsApp no número **604 06 78 56**
- Telegram na conta **@Serviciopremiumedixgal**

As familias teñen a posibilidade de contratar un seguro anual para cubrir algúns riscos nos equipos (49€/curso académico).

Máis información nas seguintes ligazóns:

- [Información sobre o Proxecto E-Dixgal](#)
- [Espazo E-Dixgal](#)
- [Información para as familias](#)
- [Vídeo sobre o Proxecto E-Dixgal](#)

